



Busca en VM

[Home Page](#) > [Opinión](#)

“Cantarela nova” a Xosé María Álvarez Blázquez

04-02-2008



Rafael Sánchez Bargiela, Bibliotecario e membro do Instituto de Estudos Tudenses

Un catro de febreiro de 1915 no Paseo da Corredeira tudense, daquela chamada rúa Elduayen, naceu un rapaziño que recibirá os nomes de José María Amalio Gerardo Ignacio Álvarez Blázquez, e a quen este ano dedicáselle o Día das Letras Galegas por acordo unánime da Real Academia Galega.

Na casa familiar da rúa El Pilar, no arrabalde do Rollo –a que se trasladou ao pouco tempo a familia do médico Dario Álvarez Limeses e a súa dona María Blázquez Ballester-, transcurriría a nenez de Xosé María e os seus cinco irmás (varóns todos). Naquela casa e naquela horta, ampla e con numerosos recunchos, situada xa nos límites urbanos da cidade tudense, nun enclave privilexiado para vivir conxuntamente **o mundo da sociedade burguesa tudense**, nunha época de decadencia, e o mundo labrego e popular, das tarefas do campo, dos oficios tradicionais... será onde Xose María e os seus irmáns descubran paseniñamente os recodos da vida, personal e colectiva. Como lembrará co tempo o seu irmá Emilio “toda a curiosidade non lle cabía no peito”.

*A terra estaba virxe e nós, os nenos,
lle imamos poniendo nome, a brincare.
A cousa máis cativa tiña un nome
da nosa fantasía*

Será en Tui onde escriba os seus **primeiros versos**, con doce anos de idade asina o poema “Queixas” nun 24 de decembro de 1927, e nos que amosa xa súa querencia pola lírica popular como naquel outro poema titulado “A campana da miña igrexa” de 22 de xuño de 1928.

Xosé María Álvarez Blázquez, abril de 1963.

[Envía a un amigo](#)

[Imprimir](#)

[Más populares](#)

[Versión PDF](#)

[Versión TXT](#)

Autor:

Rafael Sánchez Bargiela, Bibliotecario e membro do Instituto de Estudos Tudenses

★★★★★ 5 / 5 (1 Votos)

MULTIMEDIA

OTROS ARTÍCULOS



• **07-02-2008** [Festa para nenos o próximo sábado](#)

Encuestas



¿Considera que la relación entre el bipartito que gestiona el concello vigués es la más adecuada para la ciudad?

Sí; existe un buen reparto de funciones.

No; el alcalde no ha delegado en Domínguez Olveira para evitar que quede su firma como alcalde en funciones.

No sé, no contesto.





07-02-2008 "Yo quería tenerlo, pero mi novio, no"

María tenía 17 años y vivía con su novio. Cuando fue al ginecólogo, estaba embarazada de poco más de 11 semanas. “Aquello fue una tragedia. Yo quería tenerlo, pero mi novio, no. Que si estaba loca,...

s os grupos sociais e nota dos disparos de n o inicio da precampaña . E, ao primeiro que se ...

Tras os seus estudos tudenses en **Pontevedra**, onde residía a familia paterna, completará a súa formación académica – rematando o Bachelato e cursando os estudos de Maxisterio-, aquí comeza a súa andaina política na Federación de Mocidades Galeguistas –chegando a pronunciar un

vibrante discurso conmemorativo do aniversario dos Mártires de Carral- e onde inicia a súa carreira literaria, especialmente lírica, coa publicación do poemario “Abril” e doutros poemas na revista “Cristal”.

En Tui realiza as súas prácticas como mestre, na escola de nenos da rúa Sanz, e posteriormente ocupará, no curso 1935-36, a praza de mestre titular na escola das “Olivas”, a poucos pasos da casa familiar do Rollo.

Foi en Tui onde Xosé María Álvarez Blázquez encetou o seu labor de **arqueólogo e prehistoriador**. Así no ano 1935 acompañará aos rapaces do grupo “Ultreya” tudense, que dirixía o erudito local Manuel Fernández-Valdés Costas, nas campañas de escavacións arqueolóxicas no xacigo do castro de Cabeza de Francos, ou logo no de Cotarel en Randufe... con eles organizara o primeiro museo tudense, instalado nas dependencias do Instituto recen creado en Tui no antigo convento de San Domingos... A estas terras miñotas adicoulles as súas pescudas polas terrazas fluviais, xunto co seu amigo Fermín Bouza Brey, na búsqueda de materiais paleolíticos.

O estoupido da **Guerra Civil** racha radicalmente esta traxectoria vital mesmo a súa propia vida: o seu pai é fusilado, él é expedientado como mestre e debe incorporarse ao exército; en 1941 morre pola tise o seu irmá Celso, aos poucos anos a familia vende a súa casa tudense e instálase na cidade de Vigo, anguriados polas penurias económicas e, sen dúbida, que

tamén, polas lembranzas:

*Nada xa me conmove,
o que me fire e me doi, o que me inqueda,
é aquil neno que eu fun, sempre perdido*

Sen dúbida, que estes mouros acontecementos marcan a súa relación con Tui dun xeito moi intenso, pero a esta cidade e as súas terras adicoulles, andando os anos, **outros moitos traballos** de historia, de arqueoloxía, de literatura, mesmo foi pregoeiro das festas de San Telmo en 1977...

*San Pedro González Telmo:
caballero de los mares
sin armadura ni yelmo.*

As paisaxes tudenses, especialmente o río Miño, estarán presentes en moitas páxinas da súa produción literaria. Cabería lembrar que foi finalista, xunto con **Carmen Laforet**, da primeira convocatoria do “Premio Nadal” no ano 1945.

Pero estes traballos en relación con Tui son testemuña, primixenia pero mínima, dunha adicación integral a prol da cultura de Galicia, dun compromiso inxente pola posta en valor da nosa cultura propia

*¡Ouh, terra, pois xa tanto me traspasas
que, por ti, teño o peito en pedra viva!*

Dende as terras que bica o Miño, sirvan estas liñas, de humilde homenaxe dende esta cidade, “vella e gris” como él dixo, para recoñecer en Xosé María Álvarez Blázquez, un “rico tesouro”, un **egrexio tudense**, que a decisión da Real Academia Galega nos permitirá recuperar e a quen a Corporación Municipal tudense acordou adicarlle este ano 2008.

Opinión

- [Adeus, Corbacho, adeus](#)
- [Festa da Primavera](#)
- [Obispos y elecciones](#)
- [El mito de Sísifo](#)
- [Todo es Carnaval](#)
- [A río revuelto](#)
- [A lóxica cubana](#)
- [Mar en calma](#)

Opinión

- [Cita en febrero](#)
- [Galego da aldea](#)
- [Olor a sangre](#)
- [Sobrevivir en Palestina](#)
- [Estás despedida](#)
- [Asesinos sobre ruedas](#)
- [Medo negro](#)
- [Puro teatro](#)

Opinión

- [Os medios da democracia](#)
- [S.O.S.](#)
- [Una de terror](#)
- [O Ángel González](#)
- [Pepiño non se “rompe”](#)
- [A caricia de Diógenes](#)
- [Xeración insípida](#)
- [Emmanuel](#)

Powered by: PHPCow.com